

***A Baiona de Ruth Matilda Anderson.  
Apuntes biográficos, traducción e notas de Rosana Estévez***

*To our distinguished friend,  
señor Don Herminio Ramos González, in  
appreciation of his help and kindness  
at Bayona, this volume is gratefully presented.*

Ruth M. Anderson  
New York, May 24th, 1939.

O regalo que Ruth Matilda Anderson lle fai a Herminio Ramos en maio de 1939 é un exemplar do seu libro *Gallegan Provinces of Spain. Pontevedra and La Coruña* publicado ese mesmo ano en New York por The Hispanic Society of America, da cal Ruth é membro correspondente. É un libro con cincocentas páxinas e 682 ilustracións que vai da Guarda á Coruña visitando lugares, xentes, tradicións, festas, traballos, monumentos, rúas, casas... É algo máis, para ser xustos, é moito máis ca unha simple fotografía.

Ruth Matilda Anderson naceu polo ano 1893 na Granxa de Cottonwood (Nebraska). O pai, Alfred Anderson, de orixe norueguesa, exercía de fotógrafo en Kearney axudado pola súa muller, Alma.

No ano 1916 tirou o título de mestra de historia e matemáticas, que nunca exerceu. O título decisivo foi o obtido no 1919 na Clarence H. White School for Photography. O seu fundador Clarence White creou a única escola dos EE UU que entendía a fotografía coma unha forma de arte, apoiando a aprendizaxe das mulleres que supuñan máis da metade dos alumnos matriculados. A variedade e calidade do profesorado e o programa de estudos integraban ós alumnos no mundo editorial –diseño, publicidade– preparándoos tanto na parte técnica como na práctica da fotografía.

En 1921, Alice Atkinson, Francés Spalding e Ruth Matilda Anderson, ex-alumnas da escola de Clarence H. White, foron contratadas como fotógrafas por Archer M. Huntington para The Hispanic Society of America.

Huntington fundou a S.H.A. en 1894 para espallar a cultura de tódolos pobos hispánicos peninsulares e americanos, con sede nun edificio neoclásico do barrio de Harlem (New York). Herdeiro dunha das primeiras fortunas norteamericanas, ficou fascinado nunha viaxe por España arribando á Coruña en 1892. No 1889 xa viaxara a México e xunto coa lectura de *The Bible in Spain* de George Borrow foron

factores decisivos para a fundación desta institución que hoxe atesoura obras de El Greco, Velázquez, Goya, Sorolla, Benlliure..., 250 incunables, 15.000 exemplares editados antes do 1701, mapas, manuscritos, fotografías, mobles, vidros, cerámica, xoias, tecidos...

Neste ambiente Ruth viaxou en 1923 con outras fotógrafas da SHA por toda España, á que non deixaría de viaxar até a idade de 75 anos xa no ano 1969. Pero serán a súa segunda e terceira viaxes o cerne do libro que nos ocupa. O 29 de xullo saíu de EE UU acompañada do seu pai para desembarcar en Vigo o cinco de agosto e percorreu Galicia e Asturias nunha viaxe que remataría o 28 de agosto de 1925. Na terceira viaxe veu acompañada pola súa íntima amiga Francés Spalding por Galicia e León entre o 14 de novembro de 1925 e o 31 de maio de 1926. Aínda que o *Faro de Vigo* da época reflicte:

“Hemos tenido el gusto de saludar en esta Redacción á míster Alfred Theodore Anderson, de Nueva York y á su encantadora hija, los que vinieron á Galicia con objecto de admirar sus bellezas.”


Nada máis lonxe da realidade. Ruth non era simplemente a filla acompañante do seu pai, ela era a protagonista da acción e non se trataba de admirar belezas senón de facer un estudo de Galicia. Ía máis alá dun mangado de fotografías costumistas acompañadas dun texto turístico máis ou menos superficial. O legado de Ruth Matilda é con moito o mellor estudo fotográfico da época, en extensión e calidade, produto dun traballo metódico e constante que aportou varios miles de fotografías de Galicia á S.H.A. A pesar da cantidade, cada unha delas figura arquivada, con mellor ou peor grao de conservación, cunha ficha na que figuran lugar, data, características do fotografado, anotacións técnicas canto á luz, color, etc.

O texto que traducimos a seguir ocupa as páxinas 34 a 48, acompañado por vinte e unha fotos, dúas delas de Pacheco –a imaxe da Virxe da Anunciada e a dos xigantes e cabezudos– e sete notas que poñen de manifesto o traballo bibliográfico ben documentado da autora.

As notas propias da autora van indicadas en números árabes, mentres que as nosas anotacións van sinaladas con números romanos e todas están ao final do traballo. Queremos tamén expresar os nosos agradecementos a Patrick Lenaghan da Hispanic Society of América, a Xosé Enrique Acuña, ás hemerotecas d'A Nosa Terra e Faro de Vigo e a Juan Antonio Santos Alderete, sobriño-neto de Herminio Ramos.

## BAIONA

Unha mañá a criada dixo: “É unha pena que a súa señoría non chegara a Vigo a tempo para a festa da Nosa Señora da Guía o cinco de agosto. Pero non importa. As festas en Galicia durante o mes de agosto non se terminan. Podes, se queres, ir a unha cada día.” Unha cada día sería moito, pero unha á semana podería ser. “Ben. O próximo domingo, na banda sur da ría, Baiona celebra A Nosa Señora da Anunciada, patroa dos mariñeiros e unha Virxe de moitísimo mérito entre as parroquias do oeste. E Baiona mesma, ¡que beleza!” A moza bicou os dedos xuntos, abriunos de novo repentinamente e levantou os ollos. “Nin o mesmo demo podería arrenegar de tal festa en semellante vila”.



© Ruth Mañilda Anderson/Hispanic Society of America

Arranxando redes [Mending nets] Baiona (Pontevedra), 1926.

Obviamente non puidemos facer nada mellor que comezar a nosa xira de festas en Baiona, e o domingo pola mañá, cedo, estabamos de camiño.

O traxecto do autobús<sup>1</sup>, que comezaba no concorrido Paseo de Afonso XII, continuaba a través de vellas casiñas de campo tamén bastante concorridas e chalés modernos polo Val do Fragoso abaixo. Á esquerda cumios de granito sobre pendentes arboradas e campos en socalcos. Entre a estrada e a ría estendíanse os campos de millo, de viñas, de legumes, cálidos e recentes en contraste cos escuros piñeiros e o granito dos outeiros envellecido polo lique. Despois, por escarpadas curvas a través de densas sombras e o intenso olor das coníferas, descendemos á Ramallosa e ó Río Miñor coas súas dúas pontes, unha nova, unha vella. Sería difícil imaxinar unha paisaxe de maior serenidade que este pequeno río bañando docemente a areosa ría desde un val debaixo de outeiros erosionados. O basto granito que coroaba a devesa e afloraba con grandes seixos entre as matogueiras de toxo escuro na beira do río erguíase elegantemente entre o millo e a viña de entre tódolos traballos do home –igreja, muro, paredes de casas, paredes de alpendres, valados de campos e postes de viña–. Só as tellas de laranxa mate e con raias brancas eran de arxila<sup>2</sup>, e a madeira usábase pouco no exterior a non ser en accesorios como portas e marcos de ventás, e quizais unha pequena dependencia exterior. Máis alá do Miñor seguimos a curva dunha península e logo chegamos a unha pequena cidade, fileiras de vidros de ventás lanzando escintileos a unha pequena enseada, protexida do Atlántico por unha península rochosa que se estendía como un brazo impulsado desde a praia areosa da enseada. A pequena cidade luminosa era Baiona, e a escura, defensiva península, a súa Monterreal.

O autobús deixounos preto do peirao. Barcas pesqueiras ganduleaban en augas

tranquilas baixo atavío de bandeiras festivas e frondosos arcos. No peirao fileiras de nenos vestidos con traxe mariñeiro azul escuro, interrompidos polas brancas figuras dos seus directores, esperaban para recibir mariños dun buque de guerra destacado para asistir á festa<sup>III</sup>. Os nenos foran marchando desde a escola entretidos coas cancións dos mariñeiros; cada un levaba con solemnidade, nas dúas mans, un candeeiro que sustiña un cirio branco. Camiñamos pola Rúa de Elduayen, bordeando o paseo marítimo, logo xiramos cara á parte alta da vila. Por brancas calellas baleiras, salpicadas de bandeiras vermellas e amarelas, dirixímonos cara á vella Igrexa da Colexiata, situada nunha plataforma sobre un parque de álamos altos e asomándose sobre os tellados vermellos cara ós negros piñeiros de Monterreal. Pouco despois abríronse as follas do gran pórtico románico, e a xente que levaba nos seus rostros unha mirada de solemne exaltación saíu en tropel da Misa Maior. As campesiñas de trenzas, con panos e chales claros, as señoritas da vila só pasando inadvertidas por non levaren sombreiros, a homoxeneización universal difundida desde París, os homes de traxe escuro, forraban a parede do adro e baixaban cara ó parque, mentres os soldados de caqui, a infantería de mariña vestida de branco e os escolares de traxe azul formaban filas ó lado da porta.

Xusto cando a solemnidade comezaba a decaer asustámonos, aínda que ningún máis o fixo, polas campás que repicaban tolamente e os foguetes que pasaban a toda velocidade a través das árbores. No mesmo instante unha procesión comezou a desfilar polo adro. Primeiro veu un paso da Virxe e o Neno, as estatuas de madeira vestidas de seda e as varas do paso levadas por catro mozos. A continuación apareceron dous nenos serios, vestidos de branco desde a punta dos dedos ata os pés, xusto precedendo ó mariñeiro de cara engurrichada con xarreteira e medallas que dirixía a orgullosa marcha do estandarte da confraría dos mariñeiros<sup>1</sup>. Ó lado e detrás camiñaban mocías con veos negros na cabeza e longas velas de cera nos seus dedos delgados. Velas aínda máis longas que levaban homes e mozos, comezaban a derreterse coa calor de mans fortes e fervorosas.

Este grupo descendeu cara ó parque, pero ningún rostro se voltou para seguilo; todos estaban atentos á igrexa.

Polo que agardaban era a imaxe da patroa<sup>2</sup> e un pequeno anxo balanceándose nun paso que levaban a ombreiros catro homes que tiñan que agacharse levemente para pasalo por debaixo do lintel. A Virxe da Anunciada era alta e delgada. Unha fermosa coroa dourada dentro dun arco de puntas de frecha e cruces que formaban un circo arredor da súa cabeza inclinada; grilandas de flores espaxíanse polo seu cabelo negro e o seu rico manto de seda damasquinada que caía desde os ombreiros nunha espléndida cola. Levaba nas mans un libro aberto, e ós seus pés estaba a maqueta dun barco veleiro equipado con tres mastros<sup>3</sup>. Da imaxe ocupábanse catro mozos que levaban lanternas de vara longa e varios mariñeiros coas gorras quitadas e as baionetas caladas. Dous acólitos levaban velas de cera en longas varas de prata; a continuación viñan os curas con capa pluvial ou dalmática. As autoridades da vila vestidas de levita, coa cabeza descuberta, seguían ós curas, a cruz da parroquia ía tras as autoridades, e a banda e o resto dos mariños aliñábanse detrás.


<sup>IV</sup>Uns doce ou vinte homes, vestidos con camisas brancas, faixas vermellas, pantalóns escuros, e zapatillas brancas e dirixidos por un de branco cunha faixa de seda vermella seguían o paso da procesión levando espadas de madeira<sup>IV</sup>. Na ancha

rúa debaixo da igrexa o primeiro paso apartouse e abriuse un espazo diante da Anunciada.

Alí, entre un silencio de atención experta e crítica, os que levaban as espadas comezaron unha danza. Graciosamente formaban liñas, simples e dobres, batían as espadas e cruzábanas sobre as súas cabezas para facer unha ponte baixo a que podían desfilar ergueitos, ou sostíñanas horizontalmente e corrían inclinándose a través do túnel baixo<sup>4</sup>.

Rematada a danza, a lenta fileira moveuse, endereitouse, e continuou de vagar entre numerosos espectadores. Cando se movía, as imaxes balanceábanse cara adiante ó son da marcha real, e cando se paraba, presenciaban máis danzas. Abaixo, na Praza da Constitución, apareceron dous xigantóns, home e muller, xunto con tres grotescos cabezudos como ananos demasiado grandes, de ningún sexo en particular, e nun espazo creado para que eles comezaran a dar pasos pequenos cara adiante e cara atrás diante da Anunciada. Só se precisaba unha gran cabeza postiza e unha túnica sen forma definida para facer un cabezudo, pero un xigantón tiña torso e brazos, ademais dunha cabeza, e un traxe completo de moda árabe. O marco do torso levábase nos ombreiros dun home que se orientaba a través dunha racha na saia do xigante debaixo da faixa.

En marcado contraste, pero ó mesmo tempo nunha harmonía peculiar con estas creacións fantásticas, estaba a pequena figura, á que alcanzamos de volta á igrexa, unha anana auténtica coxeando cos pés descalzos e dúas muletas intentando seguir o paso da procesión que voltaba por un camiño máis longo. O seu pano era negro, o seu vestido gris. Pacientemente someteuse á afronta de ser fotografada, e logo orgullosamente impuxo a súa propia idea do valor daquela sumisión.



© Ruth Matilda Anderson/Hispanic Society of America

*Raía secando ó sol [Ray fish drying in the sun]* Baiona (Pontevedra), 1926

Voltamos a Vigo á tardiña e intentamos esquecer o encanto que a pequena vila producira en nós<sup>v</sup>. Non se nos foi da cabeza, así e todo, e un ano máis tarde aproveiteime da oportunidade de volver visitar Baiona cunha amiga<sup>v</sup>. Apenas chegáramos, unha noite de febreiro, cando a camareira anunciou que tres cabaleiros viñeran a vernos; estaban no salón. Seguímola abaixo e quedámonos dubidando ó lado da porta ata que don Juan, o propietario, saíu e invitounos a entrar.

“Estes cabaleiros viñeron para dálle-la benvinda a Baiona e poñerse ó seu servizo”, comezou e procedeu a presentárnolos.

<sup>v</sup>Don Herminio, un home baixo de figura corpulenta e tranquila e un visible senso do humor, falou primeiro, con solemnidade, como a ocasión o requiría. Leran sobre a presenza das estudiosas damas en Vigo, e para eles era unha honra que fomos a Baiona; sería dun inmenso pracer axudarnos nos nosos estudos. O mesmo don Herminio levaba un tempo considerable traballando nos arquivos da vila e estaba preparando un libro sobre os seus achados. Don Antonio, o máis novo, era escritor, correspondente de varios periódicos. Claros ollos en forma de abelá enmarcados por espesas pestanas mirábanos modestamente desde unha cara modelada delicadamente, mentres que unhas elegantes mans xesticulaban timidamente. O terceiro, don José, alto e impecablemente vestido, falaba por si mesmo: el, sendo un simple político e concelleiro, non reclamaba ó intelecto, pero como calquera cousa sen importancia non podía ter lugar sen a súa presenza ousara unirse ó grupo VI.

Sentamos nos asentos vermellos de felpa que estaban aliñados nas brancas paredes do salón; había un magnífico piano negro nunha esquina, e longas cortinas de muselina branca colgaban dunha cornixa sobre a porta de entrada. Os principais puntos de interese de Baiona, continuou don Herminio, eran a Igrexa da Colexiata e o Castelo de Monterreal. ¿Poderían mostrárnolos ó día seguinte? O propietario do castelo non estaba, pero eles tiñan carta branca para visitalo. Aceptamos a hospitalidade tan xenerosamente ofrecida. ¿A que hora deberían esperarnos? Un impulso malicioso fíxome suxerir as nove e media da mañá, que debía ser o amencer para eles. Sin a menor sinal de pestanexo nos seus rostros, a hora axeitábase perfectamente, e fóronse.

Estabamos preparadas á hora sinalada, portador e cámara cargada. Ás nove e trinta e cinco apareceu don Herminio, sereno e de bo humor. Ás nove e corenta, don José, en perfecto equilibrio. Don Antonio chegou despois de que xa saíramos, apareceu voando nunha esquina coa roupa desaliñada e alasando.

O istmo de terra entre a vila e a península ó leste estaba en declive cara a unha praia tranquila dentro do porto e remataba ó oeste noutra praia que se convertía bruscamente nunha enseada rochosa con ondas escumantes en contraste co fondo do ceo e as Illas Cíes. Sobre o istmo cuberto de herba unha ducia de homes camiñaban ó lado dun carro de dúas rodas, onde catro homes facían grandes esforzos para tirar. Seguimos cara á praia do oeste onde dous deles comezaban a tirar do carro un rolo de rede que pingaba. Unha gran cola negra, puxérona en terra, cen, douscentos, catrocentos metros de lonxitude, mentres outros tiraban e tendían ata deixar un completo e fibroso esqueleto, estendido sobre a area. As mallas eran pequenas e iguais de lado a lado; moitos cortizos orlaban unha banda, e pesos a outra. Don José dixo que era unha “jábega” para pescar sardiñas e anchoas. Cando estivo completamente tendida, viuse unha racha lonxitudinal no medio, e cinco mulleres viñeron a amañala. Deixá-

molas sentadas baixo amplos sombreiros de palla, meneando vigorosamente agullas de madeira cheas de fío acastañado e rindo moito cos saúdos de don José.

Nos corredores da Alameda, onde a clara luz do sol se filtraba a través das pólas espidas, estaban facendo redes. Un pescador ancián e gordecho, de pelo cano, coas súas roupas folgadas adornadas de remendos pero non o suficiente como para cubrir tódolos buratos, estaba montando un tramallo de algodón en cordas amarradas ás árbores, anoando as tres mallas xuntas e ensartando un cortizo entre cada grupo de catro nós. ¿Que lonxitude ía ter o tramallo? Oh, douscentos cincuenta ou trescentos metros de lonxitude e dous ou tres de ancho. ¿Que pescaría con el? Peixe pequeno, principalmente salmonete. “Na zona de pesca” somerxería a rede ata o fondo, ou preto del, con pedras pesadas. Os cortizos manterían a rede vertical, de maneira que os peixes nadarían cara a dentro, e unha gran boia en cada extremo guiaríao cando viñera a recollela.

Detrás del tres homes máis novos tecían grandes rascas para atrapar lagosta, usando culleriñas de madeira rectangulares, de 13 cm de lonxitude, e agullas cheas de fío forte. Unha rasca completa sería de vinte a corenta metros por tres, aboia-da con cortizos grosos, chamados *machos*, e suxeitadas cun peso de chapas de chumbo ou pedras; con sorte un home podía rematar unha nun día. Cando marcharon a polas lagostas, cada home na embarcación levaba de oito a dez destas redes, que estaban con cebo de peixe ou cascabillo de millo ou trapos brancos, que se ataban xuntos nunha longa *casea de rascas*, e somerxíanse sobre un fondo rochoso de nove a cincuenta brazas, de tres a sete millas fóra da costa. As lagostas famentas batían coa rede e enmarañaban as pinzas nas mallas, das que despois tiñan que ser laboriosamente desenleadas<sup>vii</sup>.

Máis alá da alameda tres homes apurraban e unha muller empuxaba pola area un carro pequeno cheo de velas molladas, redes, cordas e boias, esperando topar un sitio para tendelas. Os homes deixaban as súas redes na auga durante cinco ou seis días e sacábanas para secar no sétimo. Estes pescadores, traballadores independentes, e bos por natureza, queixábanse con amargura de que as grandes compañías de xávegas varrían as augas e facíase difícil gañá-la vida dunha forma modesta coas redes pequenas.

Don José instábanos a ir a un lugar máis alto, e entón seguímolo a través dunha porta nunha parede sinxela e alta. Aquí parecía que estábamos pisando o fondo dun mar verde, as árbores eran tan altas e os nosos pés facían tan pouco ruído sobre o camiño. O olor picante do piñeiro e o eucalipto mesturábase ocasionalmente co olor forte e picante do salitre. A mente de don Herminio aínda estaba na pesca.

“Antigamente”, dixo, “antes de que tiveramos autobuses zumbando sobre o noso campo apracible, o peixe levábase terra dentro en recuas de seis a doce animais. Os recueiros eran tipos pouco comúns; é unha pena que se extinguiran. Levaban sombreiros anchos coas copas chatas e os bordos voltos cara a arriba, camisas vermelhas, e chalecos co lombo multicolor no centro branco adornados con puntos de tea escura. Os seus pantalóns abríanse baixo un “alzapón” na parte dianteira, e as súas polainas de marrón escuro abotoábanse sobre zapatos grosos firmemente cravados con chatolas”.

Don Herminio tamén se lamentaba da perda doutro grupo de personaxes en Baiona, os antigos mariños que loitaran en Trafalgar. El lembraba telos visto na súa

nencz cando sentaban ó sol nos días bos. Cando sacudían a cabeza por discusión ou asentimento, o aro dourado que colgaba dunha orella vella e peluda bailaba e brillaba con esplendor pirático. As súas camisas eran prendas pesadas de la azul, e os seus pantalóns atábanos na cintura cunha banda de la branca dentro da que cravaban a súa navalla de mariño.

“Eran extraordinarios tipos,” concluíu don Herminio, “orgullosos e incorruptibles, e solemnes coma os xuíces.”

Máis arriba, no camiño, chegamos a unha parede ameada e a un conxunto de arcos apuntados con escudos de armas; a parede estaba cuberta de edra e matas de fento florecían nas gretas. Don Herminio tiña a historia de Monterreal na punta da lingua. Durante o reinado dos Reis Católicos os ricos e nobres de Baiona deixaron o porto aberto e protexéronse aquí arriba. As autoridades tiñan a súa entrada, os guerreiros o seu castelo, o conde o seu pazo, o gobernador a súa casa, os monxes o seu mosteiro, todos detrás da muralla. Había aínda unhas cantas casas contra ela, unha coñecida como de Pedro Álvares de Soutomaior, un turbulento magnate que abriu un profundo suco no problemático século quince de Galicia; chamábanlle vulgarmente “Pedro Madruga” porque soía madrugar e estar no lugar de destrución moi cedo pola mañá. Os mariñeiros e os mariños mercantes de Baiona, non obstante preferindo a conveniencia á seguridade quedaron á beira dos seus barcos. A pesar da incerteza dos tempos, o seu comercio prosperou e a finais do século dezaseis a vila era o suficientemente importante para ser honrada coa visita de Sir Francis Drake. Cando a prosperidade de España decaeu, Baiona languideceu e nunca recuperou o liderado que, nun posterior restablecemento, foi asumido pola pequena cidade de Vigo<sup>9</sup>. Monterreal nunca máis foi imprescindible; tendo pouco que defender quedou en ruínas, estado no que continuou ata que don José de Elduayen, primeiro Marqués do Pazo da Mercede, comprouno en 1875 e construíu a mansión actual. Foi oportuno que Elduayen adquirira a propiedade, porque el era ben visto neste distrito, como enxeñeiro, polos seus traballos públicos e construción da vía férrea, e como propietario, pola súa dedicación ós intereses de Vigo. O propietario no momento da nosa visita era un home de negocios asturiano<sup>viii</sup>.

Na mansión, dous pisos entreverábanse cunha torre, varias torriñas e o beiril ameado. Don José bateu co petador e o porteiro con cara rosada que veu á porta liberounos en seguida do piso de abaixo e tódolos seus contidos, armadura, home e cabalo, espadas, canón e tapices. Despois de fotografalos, don Herminio púxose ó noso cargo de novo, e camiñamos cara a Torre do Príncipe, que estaba, roída por vento e mar, na mesmísima proa da península. A estrutura orixinal, dixo, servía como torrevixía, e acendíanse fogueiras na parte superior para guiar ós barcos cara ó porto. O Marqués mandáraa restaurar, e cando Afonso XII visitou Baiona gozou contemplando desde a torre, mar fóra as Cíes rochosas, o promontorio ó norte cara a Vigo, e a costa máis escarpada cara á Guarda e a desembocadura do gran Río Miño que separa Galicia de Portugal.

Volvendo pola beira leste da propiedade, chegamos ó calabozo do castelo, un canelón de groso muro que baixaba ata unha cámara hexagonal na mesmísima beira da auga, desde onde había unha excelente vista do longo muro ameado e a cadrada Torre do Reloxo, negra de areira contra os outeiros azuis tras Baiona. Cos horro-



res do calabozo estremecémonos apropiadamente, pero estabamos máis interesadas nas cetarias de lagosta cubertas de taboñas na punta da praia de abaixo. Cando estabamos alí, unha goleta de dous mastros introduciuse na baía. As súas velas brancas infladas por completo, e pequenos debuxos de luz dourada, duplicando os debuxos das ondas na auga azul-verdosa, xogaban co seu casco branco. Don Antonio dixo que xusto así se introducira a *Pinta* logo da súa transcendental viaxe ó Novo Mundo. Unha tormenta máis alá das Azores separáara a Santa María, e o seu capitán, Martín Pinzón, dirixíndose cara ó norte, desembarcou aquí o 10 de marzo de 1493<sup>X</sup>. Polo tanto, Baiona foi a primeira vila de España en dar a benvida ós aventureiros retornados coas súas extraordinarias novas, porque Colón, aínda que desembarcara seis días antes, chegou ó porto de Lisboa.

Despois de comer, os nosos infatigables amigos leváronnos á Colexiata<sup>X</sup>, unha ampla nave e dúas naves laterais con grupos de columnas e arcos apuntados que levaban a un teito abovedado. De maior interese para nós foron os símbolos incisos nos soffitos dos arcos principais. Don Herminio axudounos a descifralos: a escuadra dun carpinteiro, compases, piquetas, coitelas, tesoiras, anzós, veleiros, solas de zapato, unha luva, circos sinxelos, circos de oito radios, circos coa cruz patriarcal unida, cruces abotoadas, cálices, animais correndo e casas ou tabernas cunha árbore<sup>6</sup>. A expedición rematou no concello. Aquí, nun armario datado no 1679, onde se gardaban os arquivos municipais, e tamén nun banco dos concelleiros do mesmo período, vimos gravado o escudo de armas de Baiona. No escudo do banco, unha embarcación do século XVI que compartía cuartel cun dos máis atractivos bois daquel ou calquera outro século<sup>7</sup>. Os seus cornos en forma de plátano estaban de fronte enriba de orellas inxenuamente aumentadas e ollos baixos que denotaban unha doce natureza rusticamente contradita pola fumegante distensión das ventas do seu nariz. A embarcación tamén tiña os seus puntos de orixinalidade: os metros de vela enrolada colgaban das vergas cruzadas, e a popa evadira a cuestión de perspectiva estendéndose a un lado sobre o casco.

Don José era un entusiasta do jazz americano e polas noites, sobre as 11, cando estabamos lavando carretes, viña e actuaba para nós. Trombón, saxofón, campás, triángulo e tambor, todos ó mesmo tempo ou tan rápido un tras outro que parecían simultáneos, podía facer imitacións perfectamente usando só os seus propios dons e extremidades. Don Juan e o seu fillo Juanito, incandescentes de deleite, observaban a broma desde o fondo e despois, cando don José terminaba, intentaban subrepticamente, coas súas bastas roupas e os seus corpos pesados, reproducir a súa descoidada graza de mans, cadeiras e pés. Todo o mundo o adoraba e chamábanlle “don Joselito”, como estivemos tentadas tamén de chamarlle ata que Carmen, a filla de don Juan, aclarounos que tal liberdade cun cabaleiro da súa posición sería inapropiada con descoñecidos.

Aínda outra vez, que chegabamos de América a Vigo, fomos ver ós nosos amigos de Baiona antes de viaxar terra dentro. Carmen abrazounos e enviou a Juanito ós cafés a chamar polos nosos tres mosqueteiros<sup>XI</sup>. Presentáronse enseguida, e durante media hora o salón resoou cos seus saúdos. A obra de don Antonio ía ben, o libro de don Herminio xa se publicara, e alí tiñamos un exemplar para nós belamente encadernado.

Pero era don José quen tiña a mellor historia. ¡Primo de Rivera designárao alcal-

de de Baiona! E iso non era todo. ¡O rei e a raíña visitaran Baiona, e el, Joselito, tivera a honra de recibilos!

“Durante certo tempo a súa visita foi dubidosa. Houbera un rumor de que viñan visitar Baiona, e logo de que non, e cando a súa comitiva chegou a Vigo decidín arranxar a cuestión, e facelo ben. Souben que o home a cargo do itinerario, un galego enxebre de Ourense, fora a causa da incerteza. Eses ourensáns danlle unha tremenda importancia á forma; cren que son os aristócratas de Galicia. O mordomo insistía en que, debido a que o propietario de Monterreal non era de nobre berce, o Rei non podía aceptar a súa hospitalidade. Monterreal foi o único sitio onde puidemos entreter ó Rei, e eu non ía roubarlle a Baiona a distinción dunha visita real polos prexuízos dun vello retrógrado de Ourense. Despois de todo, ¡estamos no século vinte, incluso en España!

Toquei algúns resortes e conseguín que me presentaran ó Rei. “Así que ti es o alcalde de Baiona!”, exclamou cando me recibiu. Dixo que lle gustaría ver a miña vila, pero que lle gustaría máis estar na loita entre eu e o seu mordomo cando nos reunimos sobre a cuestión da visita a Baiona. “Ámbolos dous galegos, a raza máis testana do reino –¿que é unha simple coroa contra vós?” Riu mentres se despedía de min. “Amañade o asunto entre vos”. “¡Gañei eu, caramba, e viñeron! Aquí ten unha fotografía como proba. Ve, estou camiñando xusto ó lado da Raíña”.

E de feito era don José, máis malicioso que nunca, levando sombreiro alto e bastón e camiñando co maior decoro na compañía real. No fondo víase un grupo da danza de espadas. Botamos unha hora oíndo sobre a comida, as exhibicións e os discursos cos que Baiona entretivera ás súas Maxestades, e logo don José propuxo un paseo ó redor de Monterreal. As Cíes estaban empapadas das cores do ocaso. Pasamos sen perigo baixo a Torre do Príncipe e o calabozo, pero na esquina da alameda co muro a maré subira e non podíamos seguir. Don José ofreceunos un abano de milagres: facer retroceder o mar e que aparecera terra firme ou camiñar sobre a auga. Eliximos a última, e chamou a un mariñeiro que só el vira levar a súa gamela cara o porto para pasar a noite. O pescador navegou tan cerca como puido para saber o que lle quería O Seu Honorable Alcalde.

“¡Que nos salves de afogarnos!”, gritou don José.

O mariñeiro afrouxou a vela, lanzouse á auga, varou a chalana un pouco máis firme e meteuse na auga. Colleunos un por un, cinco en total, sobre os seus ombreiros, e plantounos en seco na súa gamela. Don José felicitouno pola súa galantería así “salvando a vida das máis distinguidas e belas damas de Norteamérica, por non dicir nada dos maravillosos xenios de Baiona”, e o mariñeiro, sorrindo a cachón de intenso pracer pola preamar do absurdo e pola súa propia participación no “milagre” do alcalde, puxo a vela no seu sitio e levounos a salvo ó peirao da vila.

## NOTAS

- 1 Por funcións eclesiásticas os mariñeiros de Baiona organizáronse pronto en Confraría do Corpo Santo; en canto a asuntos legais e de comercio actuaban como gremio de mareantes. Filipe II eximíunos do deber da armada, posto que eran de moito servizo ó Rei na casa, vixiando os movementos dun inimigo do que estaban informados e axudando ós navíos amigos no perigo (Ramos González, Herminio. *Crónicas históricas de la villa de Bayona*. Madrid, 1925. p.18).
- 2 Baiona tivo a mesma patroa durante séculos. Cando Filipe II lle suxeriu á vila nomear un santo como o seu avogado, o concello respondeu que eles xa tiñan a Virxe da Anunciada de patroa. Por cortesía cara ó Soberano, non obstante, nomearon a Santiago Apóstolo o seu avogado (Ramos González, p.200).
- 3 Unha maqueta do barco estivo neste paso ata 1677 (Ramos González, pp. 20-21).
- 4 Aurelio Capmany ("El baile y la danza". In Carreras y Candi, Francisco. *Folklore y costumbres de España*. Barcelona, 1931. v.2, p. 400, 402) chámalle a esta danza con espadas de madeira unha "danza de paloteo", que el distingue da danza con espadas de verdade, moito menos habitual e que requiría moita máis destreza.
- 5 Entre atlas e cartas de navegación, desde principios do XV ata mediados do XVII, na colección da Hispanic Society, vinte mostran Bayona, Baiona, ou Baiona de Mignor, mentres Vigo, ou Bigu, aparece en dous.
- 6 Os significados destes gravados non están claros. Algúns refírense aparentemente ós oficios que simbolizan, mentres outros parece que foran só as marcas dos canteiros que construíron a igrexa. (Manuel Murguía, *Galicia*. Barcelona, 1888. p. 756) identifica os coiteiros dun carnicero, o pico dun canteiro, as tesouras dun xastre, a sola dun zapateiro, a machada dun carpinteiro, o anzó dun pescador, un cáliz e cruces, as mans dun cabaleiro (?), a casa e árbore dun labrego, os galgos dun cazador (?).
- 7 Un autor do século XVI da conta así dá orixe do nome Baiona: "A vila de vayona foi nun principio chamada "boyana" por un boi que tiña de blasón, e a palabra sendo corrompida transformouse en vayona" (Molina, *el licenciado. Descripción del reyno de Galicia*. Mondoñedo, 1553. fxxv. tr.).

NOTAS DA  
TRADUTORA

- I Tanto nesta primeira visita a Baiona en agosto de 1924 coma na seguinte en febreiro de 1926 Ruth Matilda e acompañantes non poderían coller o tranvía posto que non se inauguraría até o 3 de setembro de 1926 a liña a Baiona e o 26 do mesmo mes a Gondomar.
- II Ficaré ó longo do relato ben argumentado o carácter observador de Ruth. Vala este exemplo das "telas de laranxa mate e con raías brancas": daquela a fabricación de telas era artesá e manual, cando se tendían as pezas na eira a secar o talleiro cunha man transportaba a tella no formal e coa outra dáballe 6 ou 7 "mans e informes" para asentar a tella e estender un brunido de auga e arxila coa fin de impermeabilizalas; estas son as raías brancas que observaba a fotógrafa.
- III Eran as festas da Anunciada e o buque o canoneiro "Gaviota".
- IV A danza das espadas aínda hoxe se baila polas festas da Anunciada e da Virxe do Carme, aínda que non debemos esquecer que orixinariamente era unha danza que se bailaba o día do Corpo de Deus xunto coa coca e outras danzas gremiais. Ruth indícanos doce ou vinte homes, o normal eran vinte e cinco para que nalgunhas figuras (a estrela, o saúdo) formasen catro fileiras de seis homes máis o capitán diante.
- V Na primeira viaxe por Galicia veu acompañada polo seu pai, Alfred Theodore, nesta segunda veu con Frances Spalding, compañeira de estudos na Clarence White School e de moitas viaxes ó longo da súa vida. Na viaxe a España en 1923 viría con Anna Pursche e Catherine Allyn, a Brasil e Portugal viaxaría con Jean Longland e noutras viaxes coas súas irmás M.H. Worlock e H.J. Uldall.
- VI Don Juan Núñez era máis que o propietario o arrendatario do "Hotel La Palma" situado en fronte da Palma e desde o que Ruth tirou varias fotos de mariñeiros e atadeiras no traballo das redes da ardora. Os tres personaxes son Herminio Ramos González que volta da emigración en Cuba no ano 1.911. En Baiona formou parte da corporación municipal como concelleiro, tenente de alcalde e incluso alcalde. Foi presidente da Asociación Benéfica de Pescadores "La Anunciada" e tesoureiro da Sociedade de Náufragos. Revisou e transcribiu documentos do arquivo municipal publicando no ano 1925 *Crónicas históricas de la villa de Bayona*. Non localizamos datos sobre o tal Antonio que cita como escritor e correspondente de varios periódicos. O terceiro é José Rodríguez de Vicente, coñecido por Josefín, aínda que nacido en Vigo no ano 1895, casado en Baiona foi escritor, debuxante, humorista e actor. No 1916 trasladouse a Montevideo onde traballou como xornalista, pero voltou no 1918 vinculándose ás Irmandades da Fala. En Baiona

- foi concelleiro e chegou a alcalde. No 1932 volta a Buenos Aires onde organiza unha compañía de teatro que actúa en Hispanoamérica, España e Galicia.
- VII Nesta pasaxe fica evidente a aguda observación de Ruth Matilda. Agora tocoulle o turno ás artes de pesca. á súa feitura e emprego. Pero o tema mariñeiro será constante ó longo do libro debido ó seu percorrido costeiro. Ela sabe dosificar e non esgota os datos nunha soa vila, se en Baiona fala das artes de pesca, en Cangas das embarcacións –dornas, traíñas, motoras– tocando tamén as redes que volta citar en Pontevedra e documenta historicamente o tema da matrícula do mar e a chegada dos cataláns a Galicia. Non esquece as mariscadoras, a carpintería de ribeira, a industria conserveira artesanal nin o faro de Fisterra. É dicir, que tanto no tocante ó mariñeiro como ás festas, feiras e romarías ou o traxe e as xoias, ou o carro e os monumentos, etc., usa continuamente o vocabulario galego usado polos informantes, chega a traducir a Martín Códax, Rosalía, Pondal, Rubén Darío, o Arcipreste de Hita, cantigas populares..., pero sempre mantendo o orixinal nas notas ó texto, dándose a curiosidade de traducir parte de “Castellanos de Castilla” de Rosalía, e onde di “déronlle fel por bebida / peniñas por alimento” Ruth escribe “They gave him gall to drink / And stones were all his bread”. Pasan das cincocentas o número de palabras galegas que usa no texto para achegar a descrición máis á realidade popular amosando preocupación pola nosa fala, incluso trata o tema da gheada e escribelle a Herminio Ramos para preguntarlle que significa “toxo”.
- VIII Antes de abrirse o Parador de Turismo o 6 de outubro de 1.966 os propietarios eran os herdeiros de Ángel Bedriñana Meana, “home de negocios asturiano” que amañoou o castelo e foi benefactor, doador dun edificio para a vila, de 478 libros á biblioteca pública ou do palco da música da Palma, sen negarse nunca ás peticións económicas “pues es tal la miseria que existe entre la honrada clase marinera debido al horroroso invierno”, “hay casa de familia que hace muchos días no se enciende lumbre para hacer un mal caldo” (Carta de Herminio Ramos a Ángel Bedriñana do 25 de marzo de 1936).
- IX 10 de marzo de 1493 é un erro que se repite na placa conmemorativa colocada na rúa Elduayen nº 4 doada por Antonio González Ramos, o Volanteiro, primo de Herminio. O erro corríxese arrancando o cero de bronce da placa e no exemplar que Ruth lle regala a Herminio aparece corrixido con tinta e poñendo 1º no canto de 10. Na súa obra *Crónicas...* sitúa no 10 de marzo de 1493 a data da arribada; non sabemos como xorde o erro que Herminio corraxirá anos máis adiante. El escribe no seu libro que Baiona era o primeiro porto do vello continente en saber da nova, mentres que Ruth indica que seis días antes chegara a noticia a Lisboa da man de Colón.
- X Varias veces escribe Colexiata, realmente fórao entre 1484 e 1850; agora era ex-Colexiata.
- XI Moito debeu ser o cariño que colleu Ruth á xente que coñeceu en Baiona para vir a pé feito desde Vigo na viaxe que comezou o 29 de decembro de 1927 a Extremadura e Castela que remataría o 28 de abril de 1928. Efectivamente, en 1925 Herminio Ramos publicara en Madrid o libro *Crónicas históricas de la villa de Bayona*, e no 1927 viñeron os reis a Baiona e foron recibidos por Joselín á altura da Praza da Fruita camiñando a pé até a entrada de Monterreal. Hai varias fotos da visita real entre as que se atopa a comentada por Joselín.

## BIBLIOGRAFÍA

- AA VV: *As fotos de Ruth Matilda Anderson*. A Nosa Terra, Caderno xullo, 1988.
- AA VV: *Ruth Matilda Anderson. Fotografías de Galicia 1924-1926*. The Hispanic Society of América. Xunta de Galicia. 1998.
- ACUÑA, X. E.: *O outro amor de Ruth Matilda Anderson*. A Nosa Terra, p.40. 22-marzo-2001 nº 979.
- DE MAURICIO, A.: *Historia de Bayona*. Ed. Alén Miño, 2001.
- BARREIRO TRONCOSO, H.: *Biografías*. 1994. Exemplar mecanografado. Faro de Vigo. Agosto, 1924.
- FRAGA RODRÍGUEZ, X.: *Pontevedra-Vigo. Tranvías e trolebuses (1889-1989)*. Espiral Maior, 2000.
- LENAGHAN, P. e MATA PÉREZ, L. M.: *Salamanca en los fondos fotográficos de la Hispanic Society of América*. Junta de Castilla y León. Salamanca, 2003.
- RAMOS GONZÁLEZ, H.: *Crónicas históricas de la villa de Bayona*. 1925
- RAMOS GONZÁLEZ, H.: *Notas de mi vida*. 1938 Manuscrito inédito.